

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

# I Plan de Igualdade entre mulleres e homes

Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais



INSTITUTO DE FÍSICA E CIENCIAS AEROESPACIAIS

Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais

Pavillón Manuel Martínez-Risco

Campus universitario

32004 Ourense

<https://ifcae.uvigo.es/>

[ifcae@uvigo.es](mailto:ifcae@uvigo.es)

## MOTIVACIÓN

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, presenta os plans de igualdade como a ferramenta arredor da que se deben sistematizar medidas dirixidas, por un lado, a evitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo e, por outra, a establecer accións coas que promover a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes; en especial, a conciliación corresponsable da vida profesional, familiar e persoal.

A Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación establece que as organizacións políticas, sindicais e empresariais, as asociacións profesionais de traballadores autónomos, os colexios profesionais e calquera outra organización de interese social ou económico cuxos membros exerzan unha profesión concreta ou que se constituía para a defensa dos intereses dun colectivo profesional, estarán obrigadas a respectar o dereito á igualdade de trato e non discriminación polas causas descritas no apartado 1 do artigo 2 desta lei na adhesión, inscrición ou afiliación, a súa estrutura orgánica e funcionamento, a participación e o disfrute de calquera das vantaxes que ofrezan aos seus membros, de acordo co disposto en el apartado 2 do artigo 4 desta lei.

Por outra parte, a Universidade de Vigo, para cumprir estas normas, dotouse dunha Unidade de Igualdade, unha Comisión de Igualdade e elaborou tres Plans de Igualdade (2012-2014, 2016-2019, 2020-2024). Na actualidade está en vigor o [III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo](#) (2020-2024) no que se propoñen trinta e oito accións, aliñadas con obxectivos estratéxicos e operativos, estruturadas dentro dos seus 4 eixos de actuación. Este é o documento de referencia en base ao que se elabora este plan mediante unha análise das accións directamente relacionadas co ámbito de actuación do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE).

O IFCAE ten un grande interese pola promoción da igualdade de xénero entre mulleres e homes. Para poñer de manifesto este compromiso, desenvolve o seu I Plan de Igualdade que estará en vigor ata o ano 2024 ou ata que a Universidade de Vigo propoña un novo plan. Ao final deste período de vixencia avaliarase o seu cumprimento e os resultados acadados.

## SITUACIÓN ACTUAL

O IFCAE está formado por persoal investigador pertencente aos campus de Ourense e de Vigo. A súa creación foi aprobada a finais do ano 2022 pola Universidade de Vigo e bota a andar a comezos do 2023. O obxectivo do instituto é desenvolver as súas áreas de traballo, integrando capacidades para realizar investigación científica de vangarda, achegando valor á sociedade, apoiando a estratexia rexional de investigación e innovación e vertebrando a transferencia do valor desenvolvido na institución académica ao mundo industrial e empresarial.

Na actualidade a Xunta directiva está integrada por unha representación paritaria. Finalizado o período inicial de adscrición voluntaria, o persoal investigador do Instituto está formado por 11 mulleres e 35 homes.

Dada a recente creación do Instituto non se conta con datos desagregados en canto a solicitude de proxectos de investigación ou actividades de formación en igualdade de xénero. A continuación, preséntanse os datos actuais das diferentes comisións desagregados por sexo.

	Mulleres	Homes
Xunta directiva	3	3
Comisión científica	3	5
Persoal investigador permanente	7	22
Persoal investigador non permanente	2	11
Outro persoal	2	2

Á vista destes datos, a Xunta Directiva do IFCAE considera apropiado considerar a elaboración dun Plan de Igualdade no que un dos obxectivos principais sexa aumentar e motivar a integración feminina no Instituto creando espazos de traballo, seguros, igualitarios, respectuosos cos dereitos humanos, libres de violencias machistas e actuar corresponsablemente fronte á conciliación traballo-familia-vida persoal.

### ACCIONES PROPOSTAS

Eixe	Obxectivos	Accións
Eixe 1. Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar	1.1. Visibilizar e sensibilizar sobre as desigualdades existentes baseadas no xénero, e as causas que as provocan, para implicar toda a comunidade universitaria na consecución dun contorno máis xusto	<p><b>Acción 1.1.1:</b> Celebrar os días especiais relacionados coa muller a ciencia e a enxeñaría con campañas de visibilización</p> <p><b>Acción 1.1.2:</b> Visibilizar as desigualdades de xénero no instituto, desagregar os datos estatísticos oficiais do IFCAE por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais desde a perspectiva de xénero</p> <p><b>Acción 1.1.3:</b> Incluír na páxina do IFCAE un apartado específico de Igualdade, recollendo alí as diferentes iniciativas, normativas e recomendacións que se fagan nesta liña</p>
	1.3. Fomentar a participación das mulleres nos espazos públicos e nas tomas de decisión	<p><b>Acción 1.3.1:</b> Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nas comisións, conferencias, mesas redondas e outras actividades organizadas polo IFCAE</p>
	1.4. Velar para que exista un equilibrio representativo entre os sexos en todos os niveis do cadro de persoal, incluídos os niveis de supervisión e dirección no ámbito da investigación	<p><b>Acción 1.4.2:</b> Favorecer a existencia dun equilibrio paritario por sexo nos niveis de supervisión e dirección no ámbito da investigación</p>

Eixe	Obxectivos	Accións
Eixe 2. Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas da universidade	2.1. Fortalecer o compromiso do instituto coa igualdade de xénero	<b>Acción 2.1.1:</b> Visibilizar e reforzar a figura da enlace de igualdade para velar polo cumprimento dos compromisos de igualdade e propor novas actividades e políticas de xénero en cada centro
	2.3. Comunicar con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada	<b>Acción 2.3.1:</b> Garantir unha comunicación inclusiva na rede e RRSS do IFCAE, utilizando imaxes de homes e mulleres non estereotipados e linguaxe inclusiva (LI) en informes e actas
Eixe 3. Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero	3.2. Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación	<b>Acción 3.2.2:</b> Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación
	3.4. Impulsar a presenza de mulleres na investigación e visibilizar e recoñecer as achegas das mulleres na xeración de coñecemento	<b>Acción 3.4.1:</b> Impulsar o liderado e a presenza de mulleres investigadoras principais na investigación, xunto coa formación de grupos de investigación paritarios.
Eixe 4. Traballar e estudar na universidade en igualdade e promover unhas condicións sociolaborais con perspectiva de xénero	4.2. Detectar, resolver e previr o acoso sexual e por razón de sexo, e a violencia de xénero no ámbito da universidade	<b>Acción 4.2.1:</b> Crear unha rede de investigadores/as e persoal de apoio para apoiar as persoas vítimas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero, e difundir os protocolos de actuación nestes casos

## SEGUIMIENTO

O IFCAE comprométese a crear una Comisión de Igualdade para que impulse as accións propostas, faga un seguimento continuo das distintas actividades, e elabore un Informe de seguimento unha vez finalizada a vixencia do presente plan.

De igual xeito, o IFCAE manifesta o seu compromiso en diferentes ámbitos:

- **Compromiso e comunicación.** O Plan de Igualdade está asinado pola dirección e está a disposición de todo o persoal do instituto na páxina web. Todas as actividades relacionadas con este plan serán comunicadas mediante correo electrónico e mediante a publicación nas RRSS.
- **Recursos.** Para poder desenvolver estas medidas, o IFCAE nomea a unha persoa como Enlace de Igualdade e crea unha Comisión de Igualdade como impulsora e garante do cumprimento deste plan.
- **Recompilación e seguimento de datos.** En cada informe realizado presentaranse os datos desagregados por sexo sobre o persoal e sobre indicadores relevantes para o ámbito do Instituto.
- **Formación.** O Instituto fará unha comunicación directa das oportunidades de formación que se ofertan desde a UVigo, así como das distintas campañas que organiza a Unidade de Igualdade.

Para facilitar a análise e o grao de cumprimento dos distintos obxectivos propónse unha ficha de seguimento do I Plan de Igualdade entre mulleres e homes do IFCAE.

EIXE:
Obxectivo:
Acción:
Actividade:
Axentes implicados:
Impacto:
Mecanismos de difusión e comunicación:
Conclusións e suxestión de melloras: